



CASAS, Arturo (2024): *Estudos ibéricos. Posibilidades e límites. Cuestións de método sobre revistas literarias, mediación e transferencia cultural*. Santiago de Compostela: Andavira editora, 157 pp.

Arturo Casas, catedrático de Teoría da literatura e Literatura comparada da Universidade de Santiago de Compostela, ofrécenos con este libro o resultado de máis de vinte anos de interese polos estudos ibéricos.

O ensaio consta de tres capítulos que van duplicando o seu número de páxinas. Se os dous primeiros se centran na emerxencia dos estudos ibéricos como campo de investigación académica e como perspectiva analítica, o terceiro capítulo ocúpase das revistas literarias para comprobar as posibilidades e límites dos estudos ibéricos. A continuación desenvolvemos o contido de cada un destes apartados.

O primeiro capítulo, unha sorte de introdución baixo o título “En prol duns estudos ibéricos”, sitúa os estudos ibéricos maioritariamente nas universidades anglosaxoas para as que o paraugas ibérico foi unha maneira de supervivencia. No territorio peninsular localízanse, desde finais do século pasado, en proxectos vinculados a grupos das universidades de Estremadura, Évora, Santiago de Compostela e universidades catalás.

O profesor Casas indica nestas páxinas iniciais os riscos dos estudos ibéricos cando se cinxen a un comparatismo entre as literaturas portuguesa e española con notas a pé sobre outras literaturas nacionais ou rexionais. Outra deriva sería a comprensión dos estudos ibéricos “por simple agregación ou xustaposición de elementos dunha serie de análises parciais sobre as diversas realidades culturais ibéricas tomadas unha a unha” (p. 27). De aí que o libro teña como un dos obxectivos principais

propiciar unha reflexividade epistemolóxica atenta ás posibilidades, mais tamén aos límites, dos estudos ibéricos. Facelo, pois, procedendo a un reexame permanente, comprometido coa obxectivación de programas e resultados, e baixo a aspiración de non se desviar en exceso do sentido práctico nin da análise recta dos usos e funcións habilitada para a nova especialidade. (p. 30)

Por tanto, os estudos ibéricos deberían constar de dous trazos: a reflexividade epistemolóxica e a disposición crítica, consciente dos seus límites e posibles contradicións. Neste sentido, o autor manifesta que, como docente e investigador, entende os estudos sobre a cultura (xa que logo os estudos literarios) baixo a orientación dos estudos ibéricos críticos.

Varias serían as implicacións desa concepción dos estudos ibéricos: en primeiro lugar, a necesidade de propiciar nexos transdisciplinares entre os estudos ibéricos e as demais ciencias sociais, sobre todo a análise crítica do discurso, a teoría literaria e as historiografías (literaria, cultural, da arte e outras próximas); e, en segundo lugar, a advertencia de que os modelos científicos xerais deben valer para situacións de dominación ou subalternidade política e cultural (situacións marcadas pola diferenza, a periferización e a exclusión).

Considera Arturo Casas posible a aplicación de conceptos procedentes de Deleuze e Guattari (utilizados na xeografía, nas ciencias sociais e nos estudos literarios) e mesmo o exame das súas adaptacións (caso da teoría das ensamblaxes de DeLanda) para explicar a complexidade social. Estas e outras referencias achegan indicadores válidos que cuestionan o central e o periférico, as condicións das nacións peninsulares cunha historia “radicalmente atravesada polas realidades de expulsión, da emigración e do exilio” (p. 34).

O segundo capítulo (“Iberismos, comparatismos e estudos ibéricos: por que, desde onde, como e para que?”) ocúpase do indicado no título: por unha parte, as relacións entre estudos ibéricos, comparatismo e iberismo e, por outra parte, os interrogantes sobre os antecedentes e as consecuencias desas relacións e na concreción dos estudos ibéricos.

Tal e como se adiantaba no capítulo inicial, ao falar de estudos ibéricos cómpre considerar, dunha banda, a reflexividade epistemolóxica e o perfil das persoas participantes ou axentes no

campo de estudo e, doutra banda, a cuestión disciplinar e transdisciplinar “coa correspondente delimitación xeocultural e xeopolítica dos estudos ibéricos postulados, sen perder de vista as súas implicacións e sustentos biopolíticos” (p. 54).

En canto á reflexividade epistémica, esta é entendida como a aplicación de ferramentas de análise da socioloxía e nela converxen tres planos auto(socio)analíticos: o das coordenadas socioculturais e identitarias do investigador ou da investigadora, o das coordenadas académicas e o das tensións entre a teoría e a práctica.

En canto á cuestión disciplinar, esta comprende as dimensións inter-, trans- e supradisciplinar, así como a decisión sobre o obxecto dos estudos ibéricos e a súa delimitación. Para o autor, “habería estudos ibéricos alí onde se contemple o dominio ibérico na súa totalidade e na súa diversidade cultural, non unha parte ou sector” (p. 68).

O anterior relaciónase coa delimitación xeocultural ou xeopolítica do espazo obxecto de estudo. Este aspecto conxuga dúas vertentes importantes (a da nación e as identidades consideradas e a cartografía) e mesmo problemáticas porque unha delas non só evidencia realidades xeoculturais ou xeopolíticas. Neste sentido Casas explica como a radicación xeográfica e xeocultural dun territorio nunca é unívoca e exemplifica co caso ibérico pois “ningunha das culturas peninsulares é só peninsular, ningunha é só peninsular ibérica” (p. 75).

Indo do plano xeopolítico ao biopolítico, o importante é dar voz á subalternidade e “entender que a diferenza cultural se suma á diferenza socioeconómica” (p. 77). Este feito de proxectar o factor biopolítico nos estudos ibéricos permite entender a heteroxeneidade das sociedades actuais.

Aínda habería que ter presente o peso dos medios de comunicación social como instrumento das sociedades de control. Desta maneira pasaríase da biopolítica á noopolítica, pois a produción pasou a ser “a dos públicos dirixidos e os mundos en que estes se recoñecen” (p. 78).

O terceiro capítulo (“Para unha análise das transferencias culturais galego-catalás. Os fluxos entre revistas literarias no período de entreguerras (cuestións de método)”) trata un tema de investigación do máximo interese para A. Casas, a análise das revistas literarias de entreguerras, dende o que atender os intercambios e as transferencias culturais.

Precisamente este tema permite superar os tradicionais métodos historiográficos comparados porque supón deixar atrás o paradigma da influencia para dar paso ao paradigma da transferencia cultural.

Nestas páxinas o autor achéganos aos *Periodical Studies*, nados nos USA, e á idea de que cada revista posúe unha entidade digna de ser estudada nos seus elementos constituintes e diferenciada dos xornais e das obras literarias. Retoma, ademais, as consideracións de autores recoñecidos (Brooker, Thacker...) segundo as cales “as revistas funcionan como nodos de referencia diferenciados, ás veces con fluídas conexións internacionais, que non exclúen o debate nin a coexistencia de posicións internas heteroxéneas” (p. 92). De Sarlo destaca o profesor Casas o concepto de “sintaxe da revista” e de Moraña a idea de mediación letrada, eixo de potencial investigación sobre as revistas culturais.

Xa que logo neste capítulo expóñense teses de ámbitos moi diferentes (teoría política funcionalista, teoría das temporalidades relativas e historia conceptual...) e de distintas autorías (Beramendi, Rede Galabra, González Millán, Figueroa, Martínez-Gil e moitas outras persoas) para a análise crítica das transferencias culturais entre medios galegos e medios cataláns e, por exemplo, a comprensión das culturas políticas.

Neste sentido habería que atender a tres cuestións: ás relacións culturais e políticas entre Cataluña e Galiza, ás relacións e nexos entre culturas non hexemónicas e “as dinámicas político-culturais consubstanciais a todo nacionalismo dominante en relación con outros posíbeis nacionalismos e culturas concorrentes no espazo” (p. 117). Por tanto, sería imprescindible para a comprensión das transferencias entre culturas a aplicación “dunha perspectiva relacional proxectada non só sobre aspectos literarios senón tamén culturais, mediáticos, políticos, sociolóxicos e en especial históricos” (p. 121).

Ao delimitar o campo de estudo no caso galego e catalán, refírese Arturo Casas ás investigacións levadas a cabo por Díaz Fouces, Rivera Llopis e Rodríguez González, Harrington ou Padró Nieto, entre outras persoas. De Padró Nieto destaca Casas a súa visión “sobre a dificultade de analizar con precisión os campos literarios galego e catalán dos anos 20 abstraéndose non só da sociabilidade intelectual vehiculada nas revistas literarias senón tamén do que describe como clima iberista” (p. 128) ambiental.

Máis adiante o ensaio aborda os problemas asociados a certas nocións como “sistema literario” ou “campo literario” e achega o profesor Arturo Casas as súas reflexións máis recentes ou xa coñecidas. Por exemplo, sería unha incoherencia heurística “a extensión do criterio lingüístico ou filolóxico de delimitación dunha literatura nacional ao campo das revistas literarias, en particular en fases de institucionalización deficiente” (p. 133).

Refírese o autor a problemas derivados da insuficiente integración de claves históricas e socio-políticas. Por esa razón considera “máis acaídas para a investigación das transferencias culturais e literarias as metodoloxías de fundamentación histórico-sociolóxica ou aquelas propias dun comparatismo crítico” (p. 137).

Conclúe o capítulo con dúas consideracións. Por unha parte, a incerta fronteira entre revistas culturais e revistas literarias e, por outra parte, a atención sobre os espazos nacionais periferizados e cun referente de oposición común.

Con respecto á primeira, opina o profesor Casas que se podería falar dun continuum “difuso de soportes no sistema mediático característico das circunstancias históricas (...) no cal ensaístas, columnistas, críticos, ideólogos, analistas sociais, pensadores e escritores

en xeral compartían espazo de publicación e debate, ás veces con participación de factores fortuítos á hora de determinar o medio final de difusión” (p. 139).

No tocante á segunda, Arturo Casas propón como hipótese de traballo que as relacións interliterarias das revistas catalás e galegas están marcadas por un referente de oposición compartido que supón que, no proxecto de emancipación asumido polos nacionalismos literarios respectivos, vai por diante o progreso político e cultural catalán.

Finalmente o autor expón dous retos para unha análise rigorosa e útil: non dislocar o que o produto transferido significou na cultura desde a que se incorpora e valorar o que de reinterpretación e refracción hai en toda transferencia cultural.

En conclusión, estamos ante unha publicación de consulta aconsellada para quen se dedique á análise das publicacións periódicas (para quen isto redacta foi moi reveladora a explicación do concepto de *gatekeeping* aplicado a Philéas Lebesgue) como para quen se incline pola análise da cultura en xeral.

Ana Acuña Trabazo
Universidade de Vigo
ganime@uvigo.gal